

INDICACIÓNS PARA A EXENCIÓN DA TAXA DE LIXO VIVENDA:

PRAZO DE PRESENTACIÓN : DO 1 DE OUTUBRO AO 31 DE DECEMBRO

(tramitándose con efectos do seguinte exercicio fiscal).

1. Na solicitude, os datos do domicilio e das persoas que conviven deberán coincidir cos **DATOS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES**.
2. Para a tramitación desta exención teranse en conta **TODOS OS INGRESOS DAS PERSOAS QUE CONVIVAN CO/A SOLICITANTE**.
3. A SOLICITUDE deberá ser ASINADA POR TODAS AS PERSOAS maiores de 18 anos que convivan no domicilio para o que se solicita a exención.
4. É imprescindible que se especifique o NÚM. DE TELÉFONO.
5. Indicarase claramente se o/a solicitante é PROPIETARIO/A ou INQUILINO/A do inmovible no que se solicita a exención.
6. Os INQUILINOS/AS solicitantes deberán presentar a copia do RECIBO DE ALUGUER e indicar o NOME DO PROPIETARIO/A da súa vivenda.
7. As **FAMILIAS NUMEROSAS** deberán presentar, ademáis do anterior, o título expedido pola Xunta de Galicia vixente a 1 de xaneiro do ano para o que se solicita a exención, sendo este comprobado pola oficina e debidamente validado.
8. As **FAMILIAS MONOPARENTAIS** deberán presentar o Certificado de Familia Monoparental expedido pola Xunta de Galicia, no caso de ter fillos de 17 e 18 anos, terán que achegar xustificante da súa escolarización na E.S.O.
9. As vítimas de **VIOLENCIA DE XÉNERO** deberán presentar ademáis do anterior, copia da SENTENZA FIRME onde se recolla dita situación, non sendo esta xustificable con ningún outro documento xudicial, e sempre e cando non tiveran transcorrido máis de 5 anos dende a data de dito documento.
10. As **PERSOAS DEPENDENTES** deberán presentar, ademáis do anterior, fotocopia da Resolución de Dependencia (NON de minusvalía ou discapacidade).
11. Os **DESEMPREGADOS** de larga duración e con cargas familiares, presentarán ademáis do anterior, certificado do Servizo Público de Emprego de Galicia co fin de xustificar a permanencia de 22 meses ininterrompidos na situación de desemprego.
12. As persoas **DISCAPACITADAS**, deberán presentar o Certificado de Discapacidade emitido pola Xunta de Galicia, onde conste o grao e carácter da discapacidade.
13. Tras a presentación da solicitude, **CALQUERA CAMBIO DE DOMICILIO DEBERÁ SER COMUNICADO OBRIGATORIAMENTE**.